# ANTROPOLOXÍA ECONÓMICA

1. Definicións de economía
2. As achegas da antropoloxía económica.
   a) O debate entre “formalistas” e “sustantivistas”.
   b) Economía e medio ambiente
3. Disposición e acceso ós recursos naturais e a outros medios de producción.
4. O traballo
5. A distribución
   a) Reciprocidade
   b) Redistribución
   c) Intercambio mercantil ou de mercado
   - Mercado con ou sen diñeiro
   - Diñeiro e capitalismo
6. O Consumo
   a) O consumo desde a óptica culturalista
   b) O consumo como proceso social
   c) O consumo no proceso económico.

## 1. DEFINICIÓN DE ECONOMÍA:

Na nosa sociedade a palabra economía fainos pensar nos termos de beneficio e rendibilidade, en todas aquelas cousas que adquirimos con diñeiro (alimentos, vestidos, vivendas, xoias, billetes de avión, prazas nun hotel, libros, discos, etc) Pensamos tamén en todo o que facemos para lograr ter ese diñeiro ( estudar e formarnos para conseguir un posto de traballo, traballar varias horas cada xornada, investir o diñeiro aforrado…**)**. Pero a nosa sociedade é unha entre outras moitas e non en todas a actividade económica se identifica, ou non exclusivamente, co diñeiro, con como este se consegue e co seu valor para adquirir calquera ben e servicio.

Todas as sociedades posúen sistemas económicos, aínda que non todos implican o uso de moeda. Todas as sociedades tiveron e teñen " economía" na medida en que posuen modos de especificar as regras de acceso ós recursos naturais, métodos para converter e transformar os recursos naturais por medio do traballo en bens "consumibles", maneiras de crear, ofrecer e adquirir servicios.

En definitiva, as economías difiren no xeito no xeito no que se regulan as formas de producción e intercambio.

A antropoloxía como campo de estudo das sociedades e culturas tense detido, case desde o seu inicio como disdiplina, nas peculiaridades e diferentes modalidades de organización económica dos diferentes grupos humanos estudados. Para adentrarnos nas achegas propias da antropoloxía económica é necesario profundizar algo máis na definición do termo "economía".

Por "económico" ou "economía" podemos entender polo menos duas cousas diferentes.

1) Nun primeiro sentido a palabra "economia" refírese o tipo de decisións que a xente efectúa cando dispón unicamente de recursos e riqueza limitados e existe un número ilimitado de bens, recursos e servicios que lle gustaría adquirir ou utilizar. Implicaría, neste sentido, accións motivadas por un cálculo racional que busca maximizar o beneficio ou optimizar os medios en relación ós fins. Isto é, o ambito do económico refírese ás accions que buscan maximizar o beneficio e minimizar os costes ("economizar"). Neste sentido a economía pódese entender como unha *modalidade da conducta*.

2) Por outra banda, a economía refirese ás actividades, indicadores ou procesos que teñen que ver coa creación, distribución e o consumo de bens e servicios, tanto se as persoas implicadas están "economizando" ou non. Neste sentido a "economía" é un *sector da cultura*;

Estas dúas acepcións da palabra "economía", denomínanse "formal" e "substantiva" respectivamente, tomando as definicións de Max Weber ó distinguir dous tipos de racionalidade cando estudaba as categorías sociolóxicas da vida económica.

Polo xeral, antropólogos e antropólogas subliñan que ambas definicións non son excluíntes, e que o que debemos recoñecer é que as motivacións para produccir, intercambiar e consumir bens e servicións están moldeadas polas tradicións culturais.

As diferentes culturas valoran distintos bens e servicios, toleran e prohiben diferentes tipos de relacións entre a xente que produce, intecambia e consume. Algunhas culturas enfatizan a cooperación económica, outras fomentan a competencia. Algunhas fan fincapé na producción comunal mentras que outras dan importancia á propiedade privada. En resumo, que tamén os xeitos de "economizar" se constrúen socialmente e dependen da tradición cultural, que non é unha racionalidade universal que tome unha únca forma.

## 2. AS ACHEGAS DA ANTROPOLOXÍA ECONÓMICA.

Dous eixos básicos poden servir para ordear a traxectoria e as achegas da antropoloxía económica. Por unha banda o debate e confrontación coa teoría económica e, pola outra, a preocupación por estudiar a relación entre sociedade, cultura e medio ambiente.

### a) O debate entre "formalistas" e "sustantivistas".

A historia da antropoloxía económica pode explicarse en gran parte como un debate contra certas premisas da teoría económica, aquelas que teñen que ver coa primeira definición de "economía" que apuntamos no apartado anterior, a que entende a economía como "ciencia da escaseza". Desde esa definición a unidade de análisise é o individuo. O *individuo* actúa racionalmente para satisfacer as súas necesidades e maximizar os seus medios escasos. Nesta óptica acéptase que a "natureza humana" (é dicir, a *decisión* racional maximizadora) é idéntica en todas partes. Aqueles estudiosos que adoptaron estas premisas e as súas consecuencias son chamados "formalistas". Entre os nomes máis salientables están Plattner e R. Firth.
Os argumentos dos formalistas son que todas as sociedades se enfrontan co reto de conquerir os recursos necesarios para satisfacer as necesidades, isto é, todas dispoñen dun sistema económico. Os formalistas, así, fan fincapé na idea de maximización e consideran que a teoría económica que parte desa definición de economía (conxunto de decisión que teñen por obxectivo economizar) é susceptible de ser aplicada a toda realidade sociocultural.

En contra desas premisas formalistas atópanse as achegas dos chamados "sustantivistas" (que aceptan a segunda definición de economía apundada no apartado anterior) e os marxistas franceses dos 60 , 70 e 80.

Estas achegas teñen en común que fan fincapé en negar a separación da acción económica dos seus marcos históricos, culturais e institucionais. As instituciones económicas deben ser estudadas en cada caso. Enfatizan o papel económico das Institucións e se amosan escépticos ante la aplicabilidad das premisas da teoría económica dos "formalistas" ás sociedades non occidentais. Consideran que non existe un pensamento formal forá de tradicións e institucións. En definitiva, insisten en que a economía está subsumida ou imbricada noutras institucións, na relixión, nas relacións de parentesco, nos valores culturais e morais, na política. etc. En moitas sociedades non capitalistas, argumentan, a producción é para o uso non para o intercambio. Por este motivo adolece de etnocentrismo a perspectiva formalista. Aplica desde un prexuizo de universalidade os parámetros das sociedades caplitalistas. Segundo os sustantivistas, entre os que destaca Karl Polanyi, a escaseza non é unha condición existencial do ser humano senón só a condición da economía capitalista de mercado.

Con este mesmo enfoque aparecen tamén estudos recentes de economía informal, economías étnicas e mesmo, os chamados estudos de capital social, que reclaman en definitiva que as orixes étnicas, as estructuras de parentesco, os valores culturais e as relacións sociais son importantes para explicar los fenómenos económicos.

No libro *The Livelihood of Man*. Polanyi resume os seguntes postulados:

1. A economía, tal como nos a percibimos, é unha construcción social históricamente determinada.
2. Na sociedade primitiva e nos imperios antiguos a economía non forma unha esfera separada da actividade senón que está incrustada (imbricada) no resto das institucións sociais.
3. A pregunta non é por que comercio, moeda e mercado estiveron históricamente separados, senón por que se uniron na nosa sociedade.

.

**b) Economía e medio ambiente**

O estudo das relacións entre cultura e medio ambiente ten proporcionado un amplo conxunto de achegas á análise dos sisemas económicos. En xeral este estudo tense feito desde a chamada Ecoloxía Cultural, a Ecoloxía humana, a Antropoloxía dos desastres e a Etnoecoloxía, nesta última destacan investigacións sobre a xestión

medioambiental que teñen en conta o chamado “coñecemento indíxena” sobre o medio.

Unha das explicacións da diversidade cultural humana, isto é, dos diferntes xeitos de vida das culturas, propón que é o medio ambiente (a xeografía e o clima) unha das fontes principais desa diversidade. A ecoloxía cultural representa un enfoque diferente, pois non distingue medio e cultura como entes separados senón como mutuamente dependientes. Nesta acepción o elemento clave é o establecemento dos mecanismos de “adaptación”. Estes mecanismos (elementos culturais con funcións adaptativas) permiten controlar o fluxo da enerxía utilizado polas poboacións humanas e manter o equilibrio do sistema. Coa ecoloxía cultural a enfase pasa das áreas culturais ás poboacións humanas en tanto que forman parte de comunidades bióticas.

A preocupación pola relación entre as poboacións humanas, a cultura e o medio ambiente está presente na antropología cando menos desde Boas e Kroeber, pero xa no campo da antropoloxía económica a obra de Steward deu lugar á ecoloxía cultural. O enfoque subliña o papel das actividades relacionadas coa subsistencia como núcleo a partir do que se produce a adaptación co entorno. Trátase de explorar as relacións entre cultura e ecosistema e, específicamente, nos seus mecanismos de regulación e mantemento.
Outras achegas importantes proveñen dos estudos catalogados de “ecoloxía humana” que analizan a presión, debido por exemplo a un tipo de explotación, que os ecosistemas poden soportar sen cambiar o seu estado. Estas investigacións estudan a acción de institucións sociais e do coñecemento local en relación co medio en tanto que interesa que servan a proxectos de xestión ambiental ou de “desemvolvemento sustentable”.

Outra liña de investigacións ten analizado as relacións entre presión demográfica, productividade agrícola e evolución sociopolítica. Trátase de responder a preguntas tales como ¿Que densidade de poboación máxima admite un medio cunha técnica agrícola dada?, ¿Que relación existe entre o tamaño e a densidade da poboación, as técnicas agrícolas, as características do medio e o desenvolvemento de sistemas políticos centralizados?

A partir dos anos 70, a ecoloxía política tamén ten analizado a integración mercantil, a comercialización e a dislocación das formas de xestión dos recursos naturais,

prestando atención crítica a aspectos como a deforestación, a conservación do chan e a sobreexplotación dos recursos.

A chamada *Antropoloxía dlos desastres* estudia o proceso de adaptación dunha poboación a una esixencia ambiental. Un desastre ambiental implica un axente destructivo da contorna (natural e /ou tecnolóxico) pero tamén unha poboación en condicións de vulnerabilidade. É dicir, os desastres teñen lugar nas sociedades, non só na "natureza", e os seus efectos son tamén froito das estructuras sociais, económicas e culturales preexistentes. Co desastre manifféstanse os procesos fundamentais que conforman a sociedade.

A partir dos anos 60 e 70 a etnoecología, interésase polos obxetivos, motivacións, suposicións e crenzas que motivan a actividade humana, tamén a económica, así como polas consecuencias socioculturales desas accións. Recentes invetigacións tratan de poñer en valor o "coñecemento ecolóxico tradicional" que forma parte do coñecemento indígena. Trátase dun coñecemento sobre a relación entre os seres (incluidos os humanos) e o seu medio ambiente, que implica un corpus de saber (sobre especies e fenómenos medioambientais), prácticas (relativas ó uso dos recursos) e crenzas (relacionadas coa interacción co medio). Este coñecemento deriva de procesos adaptativos e se transmite xeracionalmente.
A xestión convencional ou "científica" dos recursos, baseada na noción do *equilibrio ecolóxico*, trata de garantizar niveis de máxima rendibilidade do entorno. Fronte a este paradigma, que pode acarrear a rápida extinción dos recursos, os ecólogos ambientais advirten que o coñecemento ecolóxico tradicional pode informar á xestión convencional e contribuir de xeito significativo á conservación da biodiversidade, á sostenibilidade dos recursos, etc.

## 3. DISPOSICIÓN E ACCESO ÓS RECURSOS NATURAIS E OUTROS MEDIOS DE PRODUCCIÓN

Un dos maís importantes elementos a estudar para analizar a vida económica das diferentes sociedades é como estas selecionan os materiais da súa contorna e os converten en recursos para a súa subsistencia e para a súa forma de vida. Non todos os materiais existentes nun medio son vistos e usados como recursos pola comunidades que o habita. Por exemplo o carbón en Pensilvania non era un recurso para os indios que vivian alí e, sen embargo, os modernos euroamaricanos basearon nel os primeiros estadios do sisema industrial.

É necesario estudar entón como cada sociedade selecciona e usa os materiais dos que dispón é sobre todo como regula o acceso e a propiedade deses recursos no que por suposto se inclúe a terra.

De igual xeito que cada sociedade posúe unhas normas para regular quen ten acceso ós recursos naturais, que tipo de propiedade convén a cada recurso e que é o que se pode ou debe facer con eles, tamén xenera pautas e normas sobre o acceso e propiedade das diferentes ferramentas e tecnoloxias que usa para a manipulación e transformación dese recursos en bens de consumo e uso.

A antropoloxía económica ten analizado as distintas pautas culturais, e/ou normas sociais e legais que organizan o acceso e a propiedade dos medios de producción nas diferentes comunidades estudadas. Estas comunidades son habitualmente clasificadas segundo o tipo de actividade que as define: caza e recolección, pastoreo, agricultura intensiva e industria.

Nas sociedades industriais capitalistas por exemplo a terra, ó igual que outros recursos e materias primas) pode comprarse e venderse, é dicir pode ser de propiedade privada. Este tipo de propiedade da terra é descoñecida para comunidades de cazadores-recolectores. Non hai propiedade individual da terra aínda que nalgunhas si pode haber propiedade colectiva para un grupo de persoas unidas por lazos de parentesco. Pero nestes casos a terra non se pode comprar e vender.

Nas sociedades con agricultura intensiva a propiedade individual da terra é por exemplo habitual. O establecemento desta propiedade ten que ver ca posibilidadede traballar a terra unha estación tras outra. A ocupación e o cultivo das terras fronteirizas dos EEUU, por exemplo, foi recoñecida por lei en propiedade privada. Segundo a Homestead Act de 1862, se unha persoa limpaba un terreo de 160 acres e o cultivaba cinco anos seguidos o goberno federal recoñecía a súa propiedade.

Pero mesmo aquí e en xeral nas sociedades capitalistas onde a terra e outros recursos naturais se poden comprar e vender hai certas restriccións ó respecto. Francia por exemplo declarou públicas todas as súas praias ó considerar que a costa é un ben público que non pode ser adquirido por un particular. De igual xeito grandes parcelas de terreo poden ser de propiedade comunal ou da administración do estado. Pode a terra ser de propiedade privada e sen embargo ter restrinxido o seu uso, ter regulado que tipo de actividade productiva se pode levar a cabo ahí, ou que tipo de construccións se poden edificar.

As normas que en cada sociedade rixen o acceso, uso e tipo de propiedade da terra e dos demais recursos naturais está relacionado coa forma na que esa sociedade consegue a súa subsistencia, e teñen o seu correlato con ideas, valores e institucións que exceden ó eido da producción e da economía. O mesmo acontece cos demais medios de producción: ferramentas, maquinaria, tecnoloxía. Estes poden ser de propiedade privada ou colectiva.

A antropoloxía e a economía prestan atención ó tipo de acceso ós medios de producción e ó tipo de propiedade destes en canto son básicos para analizar e estudar os diferentes sistemas económicos de cada poboación. Non nos detemos aquí na abundante etnografía existente ó respecto mais cómpre ter presente que este é un dos elementos estudados por canto define os diferentes modos de producción e se relaciona coas outras dimensións da vida económica. Segundo o esquema básico da análise marxista as correspondencias daríanse como se recollen no seguinte cadro (recollemos esta proposta a pesar de que moitos dos conceptos que se inclúen non forón *aínda* explicados) :

| *Propiedade dos medios de producción* | *Relacións sociais de producción* | *Distribución* |
|---|---|---|
| Colectiva | De cooperación | Reciprocidade |
| Individual pero con dereito ó uso | De dominación | Redistribución |
| Privada | De explotación | De mercado |

**4. O TRABALLO**

En todas as sociedades os recursos deben ser transformados para convertilos en alimentos, ferramentas, e outros bens. Estas tarefas adicadas á producción constitúen o que denominamos traballo. Nas nosas sociedades identificamos o traballo con aqueles labores pagados e as veces excluimos desa categoría todas aquelas tarefas necesarias para a subsistencia se non se pagan

salarios por elas. Sen embargo na maioria das sociedades non se realizaban estas distincións ou raramente se pagaba polo traballo. Este pode ser definido, polo tanto, como toda aquela tarefa encamiñada á subsistencia e ó mantemento da vida e da posición social.

Varios eixos organizan as investigacións antropolóxicas respecto ó traballo.

1) A especialización e a división de tarefas segundo sexo e/ou idade.
2) A configuración do traballo e a súa temporalización e
3) Os obxectivos do traballo (autoabastecemento do grupo doméstico, subsistencia da comunidade, ingresos monetarios individuais) e as relacións sociais dadas en cada actividade.

Nas sociedades de cazadores-recolectores e as primitivas sociedades agrícolas non había apenas especialización no traballo. Cada persoa realiza un sin fin de tarefas e estas poden variar dunha xornada para outra. Todo o contrario do que sucede coas rutinas estandarizadas dos empregados e empregadas de fábricas e oficinas nas sociedades capitalistas. Ademais a decisión de pasar dunha tarefa a outra, cazar, recoller mel, ou construir unha ferramente se realizaba por vontade individual ou por consenso grupal. Desta maneira o traballo non se identificaba nas sociedades preestatais co aspecto mais deplorable da vida.

A maioria das sociedades, sen embargo, dividen os tipos de traballo segundo a idade e o sexo dos membros da comunidade. Neste último aspecto as primeiras achegas antropolóxicas, desde un claro prexuizo antrocéntrico, deron por suposto que a diferente fisioloxía de homes e mulleres (maior ou menor musculatura, posibilidade ou non para enxendrar, parir e amamantar) explicaban por si mesmas a división sexual do traballo, facendo dos homes cazadores ou asalariados e das mulleres individuos que a tempo completo se adican ós labores de coidado e reprodución. Actualmente, tanto a nova arqueoloxía (que estuda como se xeneraron as relacións de dominación home-muller nas sociedades prehistóricas), como a socioloxía e a antropoloxia que estuda, entre outas cousas, a ocupación actual de homes e mulleres en sociedades industrializadas négase a deslindar a división sexual do traballo das relacións de dominación que define o sistema patriarcal. Así, é desde esta relación de dominio masculino desde onde se estuda o lugar da muller na esfera do traballo reproductivo asociado ó coidado e á esfera doméstica e o lugar dos varóns na esfera do traballo productivo, asociado a efera pública. Así analízase por exemplo a tardia incorporación das mulleres ó traballo asalariado nas sociedades industriais, o desprestixio asociado

ós traballos maioritariamente ocupados por mulleres, a vinculación destes ó ambito do coidado (enfermeiras, puericultoras,etc…) as dificultades de ascenso no posto de traballo aínda na actualidade, a dobre ou tripe xornada das mulleres nas sociedades capitalistas, a ocupación femenina en traballos de economia informal ou sumerxida, etc.

Outro tema de interese e investigación antropolóxica, é como dixemos a temporalización do traballo e a súa configuración diferenciada ou non co resto de actividades. Numeros estudos poñen de manifesto que nas sociedades de cazadores-recolectores e de agricultura simple a xente pasa menos tempo traballando que por exemplo as persoas das sociedades de agricultura intensiva e por suposto das sociedades industriais. A razón básica é que o modo de producción no primeiro caso non é intensificable. Se traballasen máis horas porían en perigo o propia estabilidade do medio  e a posibilidade de beneficiarse deste. O traballo ocupa un tempo maior na vida dos asalariados industriais. Á xornada básica de aproximadamente oito horas, tense que sumar o tempo de traslado ó lugar de traballo, e tempo adicado ás tarefas necesarias para a vida e non remuneradas, comprar comida, cociñar, atención ós nenos e nenas, etc. Este esquema e ritmo de traballo fai tamén que o tempo de ocio quede separado de xeito estricto das xornadas laborais, algo que non acontece nas sociedades onde o traballo forma parte da vida e non é  unicamente traballo asalariado.

Na Galicia tradicional, por exemplo o tempo de traballo e o tempo de festa non sempre ían por separado. As feiras e mercados nos que a xente traballaba vendendo ou comprando os bens que a comunidade necesitaba eran,  ó mesmo tempo, lugares con espacios e momentos de ocio, De igua xeito traballos agrícolas compartidos (a sega, a malla, ou outros) remataban ou estaban integrados por unha comida ou merenda festiva. Tamén os muiños e afiadeiros combinaban traballo e festa.

Nas sociedades con predominio de fábricas e oficinas o tempo de ocio restrínxese habitualmente á fin de semana ou ó mes de vacacións. Este ríxido esquema explica a presión  que moitas persoas sofren para planificar ese tempo de lecer e alcanzar o maximo disfrute. Explica, así mesmo, o chamado síndrome post-vacacional impensable en sociedades onde ocio e traballo non están tan estrrictamente separados.

## 5. DISTRIBUCIÓN

Moi poucas cousas das que consume e usa un ser humano son producidas ou conseguidas por el mesmo. A maior parte do producido é distribuido ou intercambiado con outros membros da propia comunidade ou con outras comunidades. Neste apartado atendemos á variedade de formas nas que os bens (producto do traballo) e os servicios se distribuen.

Seguindo a obra de Karl Polanyi, desde a antropoloxía se distinguen tres tipos básicos de distribución e intercambio: reciprocidade, redistribución, e intercambio comercial ou de mercado.

### a) RECIPROCIDADE

A reciprocidade consiste en dar ou entregar bens e servicios sen, aparentemente, esperar algo a cambio. Este sistema de intercambio é a base do sustento familiar en todas as sociedades. Os proxenitores alimentan ós seus fillos sen buscar nada a cambio, ou máis exactamente sen saber cando estes actuarán de xeito recíproco con eles. Igualmente na nosa cultura as amistades fanse regalos sen que exista unha norma explicita que especifique cando e con que obxecto de valor o que recibe terá que devolver outro regalo. O regalo parece ser unha transferencia desinteresada por definición. Sen embargo, na práctica estás transacións son rexidas por normas implicitas de reciproccidade, polas que recibir implica tarde on cedo devolver.

O que distingue o interambio recíproco non é que se ofrezan ou regalen bens ou servicios sen niegunha expectativa de devolución senón mais ben que:

1º) a devolución non é inmediata

2º) non se realiza un cálculo sistemático do valor dos bens e servicios intercambiados e

3º) non se recoñece explicitamente nin este tipo de cálculos nin a necesidade que a balanza do dar e recibir sexa equilibrada.

Este tipo de transacións son e foron moi importantes na vida económica de moitas sociedades, sobre todo nas sinxelas sociedades de cazadores-recolectores.

Antropólogos e antropólogas teñen estudado este sistema de intercambio tanto en aquelas sociedades nas que esta é a forma de transación básica como noutras nas que esta modalidade convive e se convina con outro tipo de distribución.

Un fito na investigación antopolóxica deste tema é a obra de Marcel Mauss, *Ensayo sobre o don* (1924). Alvin Gouldner, Marshall Sahlins e Maurice Godelier son algúns dos máis importantes nomes que destacan na profundización do tema e na recollida de datos etnográficos ó respecto.

Mauss pregúntase ¿Cal é a norma de dereito e de interese que fai que nas sociedades de tipo arcaico o regalo recibido teña que ser obrigatoriamente devolto? ¿Que forza ten a cousa que se dá, que obriga á quen a recibe a devolvela?

Mauss explica que non son os individuos, senón as colectividades as que se obrigan mutuamente, as que cambian e contratan; defende que se cambian as cousas non polo que valen, senón polo que vale o cambio: isto é a alianza, a solidaridade, a sociabilidade. Mauss conclúe que existe un principio humano fundamental: a obriga de dar, recibir e devolver.

Godelier retoma a pregunta de Mauss (¿que teñen os obxetos donados que obriga a devolvelos?). A parir da etnografía de Melanesia contesta: nada se devolve senón que se re-dona, creando unha nova deuda co que recibe. Polo tanto coa devolución non se anula a deuda senón que se renova, renovandose así e reforzando os lazos familiares, de veciñanza ou calquera tipo de relación que una ós implicados.

En Galicia, aínda hoxe, pero máis en épocas onde no existía ou non se accedia a electricidade (cando nas casas non había nin frigorificos nin conxeladores) e á maquinaria agrícola (camdo no agro non existian tractores nin fresadoras) a cooperación veciñal era fundamental para as economías domésticas. Veciños e veciñas regalaban o seu traballo “desisteresadamente” a casas veciñas, *para* noutro momento recibir unha axuda semellante. De igual xeito, coa matanza do porco cada familia donaba partes do animal sacrificado á veciños e familiares (salvo aquela carne que se podían salar ou destinar para embutidos). Este semella un xesto de altruismo e xenerosidade, maís cada familia á que lle fora donado algo, devolvería na matanza dos seus porcos unha porción semellante. De xeito que é probable que cada familia recuperase mais ou menos a cantidade de carne que previamente distribuira. Esta maneira de intercambio pode entenderse como o xeito máis eficaz, ou o único, para poder consumir carne fresca (sen salar nin embutir). Máis dacordo con Godelier estas transacións reforzan os lazos de veciñanza e parentesco necesarios para a convivencia e para a supervivencia dos grupos domésticos.

## b) REDISTRIBUCIÓN

Seguindo a Polanyi, entendemos por redistribución as trasferencias que se realizan a un fondo común e o reparto equitativo ou desigual posterior, sen ter en conta o valor das aportacións previas individuais. Lembremos que as tres formas de distribución (reciprocidade , redistribución e intercambio mercantil) , no son exclusivas de tipos evolutivos, senón que se presentan de forma simultánea en todas as sociedades. Sen embargo, en cada unha delas unha destas formas é dominante.

Así, entre os cazadores recolectores a reciprocidade sería a forma dominante de distribución, mentras que nas sociedades tribais ou os estados a redistribución sería a súa vez a forma dominante e o intercambio mercantil o sería nas sociedade de mercado.

A redistribución pode definirse como a acumulación de productos ou traballo por parte dunha persoa particular para efectuar a posteriori unha distribución.

A redistribución está presente en todas as sociedades e é fundamental nos grupos familiares. Pero a redistribución, máis ala da familia é, como dixemos, un mecanismo importante naquelas que teñen xerarquías políticas, xefes ou funcionarios especializados e administracións.

Dentro da redistribución distínguense dous tipos: a redistribución *igualitaria* e a redistribución *estratificada.*

Na redistribución igualitaria, o colector e redistribuidor do fondo común non ocupa esa función por propia iniciativa nin permanentemente. Participa dun xeito activo no esforzo da producción e non obtén ningún beneficio, nin material nin social por encima dos que obteñen os demais membros do grupo . En realidade, esta redistribución igualitaria no é mais que unha variante complexa da reciprocidade.

Na redistribución estratificada o colector e redistribuidor ocupa esa función por iniciativa propia e/ou permanentemente, pode participar no esforzo productivo ou non e obtén un beneficio material e /ou social superior ó que obteñen os demais membros do grupo .

## C) INTERCAMBIO MERCANTIL OU DE MERCADO

**- Mercado con ou sen diñeiro**

Podese falar de mercado no momento en que persoas ou grupos sen lazos de parentesco ou extranos se reunen e comercian con bens e productos. Nese sentido hai mercados na maioria das sociedades, usen ou non moeda neste intercambio. Entre os cazadores recolectores ou agricultores as veces o mercado implica trueque dun artigo de consumo por outro. Neste tipo de mercados, anterior ó diñeiro "multifuncional" o número de servicios e bens que se intercambian é limitado.

Un tipo de transación de mercado sen diñeiro pode verse no exemplo que segue: Un propietario dunha terra concede a un arrendatario o dereito a usala a cambio dunha parte da colleita. Se a forma de pago fose un regalo non especificado previamente deberiamos falar de reciprocidade, pero se a cantidade de colleita a recibir polo propietario está especificada, podemos falar de transación comercial ou de mercado aínda en ausencia de diñeiro.

A transación de mercado é un modo especial de intercambio que implica:

1º) Que se especifica con exactitude o tempo, a cantidade e a forma de pago e

2º) Unha vez concluido o pago non existen posteriores obrigas e responsabilidades entre os implicados na transación.

Aínda que os intercambios de mercado non necesitan ser efectuados con diñeiro este esta presente na maioria destas transacións. O uso de certos obxetos para medir e representar o valor doutros obxectos prodúcese case universalmente, e esas cousas que se usan como patrón se intercambian amplamente por productos e servicios, aínda que non por todos, na súa maioria a súa aplicabilidade é restrinxida e limitada a un tipo de bens ou a un tipo de contextos.

Estes obxetos usados para representar o valor doutros poden ter algunhas das características do diñeiro tal e como o coñecemos e tal e como se atopa nas economías de mercado, mais nunca todas. Estas características son:

1. Portabilidade. Posúe un tamaño e unha foma axeitada para ser transportado dunha transación a outra.
2. Divisivilidade. As súas diferentes formas e valores son múltiplos explicitos entre sí.
3. Convertibilidade. Unha transación realizada cunha unidade de valor mais alto tamén pode realizarse cos seus múltiplos de valor mais baixo.
4. Xeralidade. Practicamente todos os bens e servicios teñen un valor monetario.
5. Anonimato. Para a maioria das compras todo o mundo pode concluir a transación a prezo de mercado.

6. Legalidade. A natureza e cantidade de diñeiro en circulación son controladas por un goberno.

Non podemos, sen embargo, identificar a presenza do diñeiro co mercado. É posible un intercambio recíproco usando diñeiro. Por exemplo é cada vez máis habitual na nosa comunidade que o "regalo" dunha voda sexa un sobre con cartos. Tamén pode haber redistribución con diñeiro, por exemplo a recaudación de impostos para a súa redistribución, entre outras cousas, en prestacións sociais.

**- Diñeiro e capitalismo**

Nas sociedades co tipo de economía politica chamada capitalismo o diñeiro ocupa un lugar central, e con el as transacións de tipo mercantil, A compraventa mediante diñeiro funcional se extende á terra, os recursos, os servicios, os aloxamentos, etc… O traballo ten un prezo chamado salario. O propio diñeiro ten un pezo: o xuro. O capitalismo pode describirse como un sistema no que con diñeiro todo se pode comprar, no que polo tanto todo o mundo parece obrigado a adquirir todo o diñeiro que lle sexa posible, e no que a producción xa non está destinada a proporcionar bens e servicios senón a incrementar a posesión de diñeiro. Neste último caso trátase de obter beneficios e acumular capital para, con diñeiro, comprar aquilo que nos faga máis competitivos porque só así poderase adquir máis diñeiro.

O ritmo de producción capitalista depende da tasa á que se poden obter beneficios e esta á súa vez da tasa á que a xente compra, usa, gasta e destrúe os bens que adquire. O prestixio non o adquire quen traballa máis duro para sí ou para a comunidade, nin quen como noutras sociedade é quen producir e repartir máis riqueza, senón quen consume a un ritmo máis alto.

Deste xeito o capitalismo provoca marcadas desigualdades, con acceso diferente ó capital, á tecnoloxía e os recursos.

## 6. CONSUMO

Recentemente o consumo tense convertido nun campo específico de investigación antropolóxica. No conxunto destes estudos poden distinguirse tres liñas de análise, aínda que non demasiado distantes entre sí. Son, polo cantrario, complementarias na maioria das ocasións:

a) unha aproximación culturalista que explora a función comunicativa ou simbólica dos bens;

b) una aproximación que explica o consumo a partir da estructura social e

c) una aproximación materialista que estuda o consumo como unha fase máis do proceso económico, estudiando a súa organización (igual que a producción ou a distribución).

a) O CONSUMO DESDE A ÓPTICA CULTURALISTA

Segundo esta liña de análise o significado dos bens consumidos define identidades e polo tanto, tamén diferencias e similitudes entre grupos sociais.

Segundo esta perspectiva o consumo non é só unha activación racional das preferencias e posibilidades económicas . As necesidades é os desexos son en gran parte productos da ideoloxía. Así o consumo pode definirse como un *un medio de comunicación*, un xeito de sinalar a localización do individuo no espacio social.

As mercancías son, desde esta óptica, signos que codifican ideoloxías e o consumo é a actividade que proporciona información sobre a identidade do consumidor e da súa "forma de vida". Como expón McCraken na súa obra *Culture and Consumption* (1988), o consumo é esencialmente un fenómeno cultural cargado de significado (aínda que este varie coa moda e a publicidade). A premisa xeral deste enfoque, que os bens non só serven para safisfacer necesidades individuais senón que serven tamén para comunicar, non se pon en cuestión, sen embargo esta liña de análise recibe algunhas críticas. Entre elas, que mentras amosa que os obxetos consumidos son marcadores simbólicos (depositarios de significado) ignora as consecuencias materiais e socioculturais derivadas do xeito no que a xente usa e responde a eses significados.

Tamén se lle critica que é unha perspectiva que asocia o consumismo cunha economía de mercado na que opera sobre todo a elección individual. Por último achácaselle que prime unha perspectiva psicológica que entende que os individuos, interpretadores de significado, contemplan, desexan e adquiren mercancías nun mercado de demanda uniforme.

b) O CONSUMO COMO PROCESO SOCIAL

Aínda que asumen o enfoque culturalista anterior, as investigacións enmarcadas nesta segunda liña de análise, pretenden ofrecer unha visión máis comprensiva das preferencias do consumo. A perspectiva do *consumo procesual* pon acento máis no

social que no cultural e aborda o consumo coa dominación que exerce o capitalismo (ou a resistencia fronte ó capitalismo), a ideoloxía colonial, os programas de desenvolvemento, a globalización ou o mercado de traballo transnacional. A idea central destes traballos é que o consumo pode ser tanto un xeito de afirmar a orde social como unha vía de promoción da resistencia e o cambio.

Inclúense nesta traxectoria obras como as de Mary Douglas e Baron Isherwood, *The World of Goods* (1979) ou a de Perre Bourdieu, *Distinction* (1979) . Nelas o consumo é analizado como un elemento que remite á formación económica e vencella ou divide, os diversos grupos sociais.

Xa Mary Douglas, en *Purity and Danger* (1966), defendía que os tabúes alimenticios se interpretan mellor como un intento humano por preservar a claridade das categorías culturais. En *The World of Goods* escrito conxuntamente con Isherwood propon:

"en lugar de supoñer que os bens son necesidades para a subsistencia ou formas de ostentación competitiva, asumamos que serven para facer visibles e estables as *categorías da cultura*".

Nesta liña Burke (1997), no seu estudo sobre a introducción do xabón en Zimbabwe amosa como o réxime colonial británico usou o ámbito da hixiene para dividir e controlar ós suxeitos, converténdose o xabón nun importante elemento para marcar distincións étnicas, de clase e de xénero tanto para os colonializadores como para os colonizados.

A obra de Pierre Bourdieu, *Distinction*, constitúe un fito na análise do consumo. A obra analiza o gusto e amosa como sendo algo que se percibe como pertencente a un plano individual é construido socialmente. Polo tanto esta obra converteuse nun referente no estudo das preferencias no consumo.

Pierre Bourdieu elabora unha teoría sobre a distinción. A súa hipótese básica é que é posible atopar unha correspondencia directa entre estilo de vida e a clase social e que esta correspondencia é unha manifestación do proceso de estructuración das sociedades, a saber, a tensión entre *campo* e *habitus*. Bourdieu entende por campo o conxunto de condicións obxetivas de existencia e por *habitus* o conxunto de disposicións que orientan as prácticas cotias.

A súa intención é amosar como os sistemas de preferencias de bens basados nas clases toman forma cando se poñen en relación. Para Bourdieu o gusto é obxetivamente referido mediante axentes que se clasifican a sí mismos cando elixen a vestimenta, os alimentos, as bebidas ou o deporte… que lles quedan ben o lles *conveñen segundo a súa posición*. Esta proposta de Bourdieu proporciona base empírica á determinación social do consumo, pois *nada clasifica* (socialmente) *máis a*

*alguén que as súa propias clasificacións*. O gusto, polo tanto, está socialmente determinado e se relaciona co sistema de posicións sociais existente.

.

C) O CONSUMO NO PROCESO ECONÓMICO

Karl Marx distinguía entre consumo productivo e consumo individual. O consumo productivo era aquel que se realizaba para producir outros bens mentras que o consumo individual era o que permitía la reproducción da forza de traballo. Así consumo productivo e consumo individual pertenecen a ordes diferentes, aínda que este último sexa necesario para a reproducción da forza de traballo.

Fine y Leopold en *The World of Consumption* (1993) propuseron revisar a separación entre a esfera da producción, creación e apropiación do valor de cambio e a esfera do consumo, do valor de uso. Coa noción de "medios de aprovisionamento" estos autores propoñen estudar as formas nas que as mercancías e os servicios chegan ó consumidor. O consumo non é só o uso de mercancías. Inclúe todas as utilidades obtidas a partir do mercado, da autoproducción ou dos servicios do Estado (por exemplo como nalgúns paises, transporte, educación, sanidade, etc. ). Todos estes elementos deben terse en conta para contabilizar o consumo dun individuo.

As mercancías e os servicios agrúpanse en paquetes que se corresponden con "medios de aprovisionamiento" que poden ser explicados a partir das relacións de producción e da estructura política.

Un exemplo: Os sistemas de alarmas das casas particulares só pode entenderse se contemplamos á existencia duha demanda estatal de sistemas de vixilancia militar que financiou o desnvolvemento desa tecnoloxía e se se analiza desde ahí como o consumo pasou do Estado á esfera doméstica. Estes sistemas só poden ser transformados en mercancías aptas para o consumo privado nunha sociedade na que ausentarse do fogar por longos períodos é unha esixencia por causa do traballo, do transporte ou da configuración do ocio como tempo alleo ó taballo. Nese proceso foi necesario "formar" ó consumidor para que poda entender as ventaxas dos dispositivos e comparar uns con outros, así como "publicitar" ou crear unha opinión pública que poña en primeiro plano a existencia de "malvados delincuentes". Esta formación implicou tamén unha dependencia dos consultores en "seguridade" que fai posible o funcionamiento destes dispositivos.

En definitiva os procesos de consumo non teñen lugar de forma separada; son parte integral, cando menos, das relacións de dominación existentes.

Esta mesma liña de análise está presente en moitas das investigacións que analizan o consumo dede a perspectiva da unidade doméstica. Como ten sinalado Susana

Narotzky a unidade doméstica presenta relacións de dominación determinadas polo lugar ocupado nas *relaciones de consumo*. Así, o traballo necesario para consumir os alimentos, o coidado dos nenos e nenas e das personas maiores, a limpieza, o aprovisionamento e a administración (que non o control), son actividades categorizadas de "no productivas" e ocupadas na maioria dos casos por mulleres. Polo tanto, ocupar un rol vinculado co consumo e a reprodución enmascara unha situación de dominación marcada por unha falta de control dos recursos (herdanza, ingresos, xestión). Este traballo, a diferencia do traballo "productivo", non se acumula senón que efectivamente se destrúe no proceso de consumo.

A través dun estudo na illa de Sheppey, R.E Pahl mostrou cómo as diferentes unidades domésticas reorganizaban as súas actividades para compensar a perda de ingresos adquiridos de empregos no mercado. Amosou como esta reorganización consistía en aumentar as actividades de auto-producción, de servizos, diversificar as fontes de obtención de ingresos formais e informais para manter o seu nivel de vida. O obxectivo era en efecto logrado. As unidades domésticas cumprían funciones de reprodución e consumo de forma ventaxosa, pero a costa, por suposto, da explotación da muller. Un exemplo semellante ó citado anteriormente podemos velo nas nosas sociedades. En épocas de crise, recesión económica e desemprego as mulleres multiplican as súas actividades para manter o nivel de vida do grupo doméstico consumindo clases de corte e confección, telas e máquinas de coser, ben para confeccionar a vestimenta dos membros do grupo familiar ou ben para adquirir ingresos de xeito informal (forá do mercado legal de emprego) engrosando a chamada economía "sumerxida".

Todas estas achegas en definitiva fannos poñer a atención en como as relacións de consumo dánse no marco dun sistema de relacións sociais, e máis concretamente como no consumo se manifiestan as relaciones de dominación existentes na sociedade.